
**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA
SUPERIOR DE ENXEÑEIROUS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O VENRES, DÍA 27 DE ABRIL
DE 2018**

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 13:05 horas do venres día 27 de abril de 2018, coa seguinte orde do día:

1. Informe e ratificación do acordo da Comisión Permanente sobre a Composición da Comisión de Acreditación do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos.

ASISTEN OS SEÑORES:

PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE

Baldomir García	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Carro López	Diego
Cea Gómez	Luis
Colominas Ezponda	Ignasi
Eiras López	Javier
Fé Marques	Jaime
Fontán Pérez	Arturo Norberto
Fuentes García	Luis
Galán Díaz	Juan José
González Fonteboa	Belén
Hernández Ibáñez	Santiago
Herrador Barrios	Manuel Francisco
Jurado Albarracín-Martinón	José Ángel
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	Isabel
Nieto Mouronte	Félix
Novales Ordax	Margarita
Orro Arcay	Alfonso
Paris López	José
Pena Mosquera	Luis
Perezán Pardo	Juan Carlos
Rdez.-Vellando Fdez.-Carvajal	Pablo
Romera Rodríguez	Luis Esteban
Taboada Vázquez	Raquel
Toledano Prados	Mar
Vasallo Rapela	Alejandro Manuel

RESTANTES CATEGORÍAS PDI

Naves García-rendueles	Juan
Ramírez Palacios	Luis
Rodríguez Pasandín	Ana María

ESTUDANTES

García-Alén Lores	Gonzalo
Sotelo Domínguez	Luis
Vázquez Varela	Miguel Ángel

PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Calvo Fariña	Juan Bautista
Cartamil Obelleiro	Carmen
Cruz Viqueira	María Pilar
Lafuente Paulos	Marta
Rivas Quelle	Cathaysa
Vázquez González	Julia

EXCUSAN:

Álvarez García	Julia
Navarrina Martínez	Fermín Luis
Peña Gonzalez	Enrique
Martínez Díaz	Margarita

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. Diego Carro.

1. Informe e ratificación do acordo da Comisión Permanente sobre a Composición da Comisión de Acreditación do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos.

O Director comeza explicando o acordo da comisión permanente. Informa de que o luns anterior recibiu a axenda da visita de renovación de acreditación e nese documento constaba quen compón a subcomisión que realizará a avaliación. Explica a composición desta subcomisión e detalla o curriculum docente e investigador e a traxectoria do presidente desta subcomisión, que como decano da delegación de Madrid do Colexio de Enxeñeiros Técnicos de Obras Públicas verteu publicamente en múltiples ocasións opinións negativas sobre a titulación de Mestrado en Enxeñaría de Camiños Canais e Portos. Por estes feitos que poderían constituir un conflito de interese, a comisión permanente acordou por unanimidade plantear un incidente de recusación deste membro da subcomisión.

O Director indica que trasladou este posibel conflito de intereses ao director da ACSUG e o director da ACSUG, que non era coñecedor desta situación, indicou que a UDC debería presentar unha recusación oficial sobre esta persoa e instou ao director a facelo.

Trasladada esta información á reitoría, desde a secretaría xeral da UDC indicaron que se lle detallaran por escrito os motivos da recusación para estudar o caso cos servizos xurídicos da universidade e poder darlle trámite.

Ratifícase por unanimidade o acordo da Comisión Permanente.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 13:20 horas do venres día 27 de abril de 2018.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico